



A Coruña, 17 de febreiro de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA Nº18 TEMP 2022-23

Equipos participantes: C.W. Coruña Rias Altas- C.W. Pontevedra.

Competición: Liga Galega Waterpolo Division Honra Masculina.

Data de celebración: 12/02/2023.

FEITOS

- O día 14 de febreiro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

"No minuto 1'45" do terceiro periodo amómaselle tarxeta vermella o adestrador visitante D. Javier de Saa Iglesias con número de licencia 1021233 por levantarse do banquillo cós brazos en alto e protestar unha decisión arbitral dicindo o seguinte: "Xa estamos, sempre igual, deixas que lle peguen. Non podes deixar que lles peguen. Sempre igual, sempre igual." Tras ser expulsado coa tarxeta vermella e de camino ó vestiario segue a proferir os mesmos berros hasta en tres ocasións, tendo que ser novamente reprochada a súa actitude, con indicación por parte do colexiado de que se contivera nesas acusacións xa que todo o que dixera sería reflectido no anexo ó acta arbitral. Un minutos mais tarde, aproveitando una pausa despois dun gol, indícaselle que debe abandonar a zona da praia da piscina e ir a zona das gradas."

- O día 14 de febreiro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos que motivan a súa expulsión como infracción leve, (art. 7. I.1.a), as reiteradas protestas despois da súa expulsión (ata en tres ocasións) infraccións leves (art. 7. I.1.a) e non abandonar a zona da praia despois de ser expulsado supón unha infracción leve do art 7 I.1 "c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións".
- De cara a graduación da sanción, temos que ter en conta o relatado na acta (que non foi desvirtuado) e os feitos no seu conxunto, sendo o certo que o adestrador tras protestar acaloradamente e ser expulsado continuou coa súa actitude pese as advertencias dos árbitros (ata en tres ocasións) para que cesara cas súas protestas e, tras adoptar unha actitude pasiva, permanecendo nunha zona na que tras ser expulsado non pode estar, tiveron que indicarlle que abandonase a referida zona. Por todo elo, sendo o grado mínimo da sanción por infracción leve a amonestación e a máxima a suspensión por tres encontros, consideramos como ponderado graduar a sanción en dous encontros de suspensión, a cumprir nesta mesma categoría.

RESOLVE

- Sancionar a D. Javier de Saá Iglesias con número de licenza 1021233 adestrador do C.W. Pontevedra cat. División de Honra Masculina con dous encontros de suspensión nesta mesma categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN

